

## **A XUNTA DECRETA O NIVEL 1 NUN LUME FORESTAL NO CONCELLO CORUÑÉS DA CAPELA**

- ***Esta medida preventiva adóptase pola proximidade do incendio a vivendas***

**Santiago, 31 de marzo de 2012.-** A Xunta ven de decretar esta tarde, como medida preventiva, o “Nivel 1” nun lume forestal rexistrado no municipio coruñés da Capela, na parroquia homónima, pola proximidade do incendio a vivendas.

Para coordinar os medios humanos e persoais, e seguindo o Plan de loita contra os incendios forestais (Pladiga), Medio Rural e Mar propuxo esta activación de “Nivel 1” como medida preventiva. O “Nivel 1” é un concepto referido a aqueles incendios que, estando baixo o control dos medios de extinción da Xunta previstos no Plan da Comunidade Autónoma, poidan, pola súa posible evolución, requirir da posta en práctica de medidas para a protección das persoas non relacionadas coa extinción e dos bens distintos dos de natureza forestal que se poidan ver ameazados polo lume.

O lume comezou ás 15:16 horas desta tarde e está activo arestora. Segundo as primeiras estimacións provisionais, a superficie afectada supera as 20 hectáreas. Os medios que traballan na súa extinción son 1 técnico, 3 axentes forestais, 3 brigadas, 2 motobombas, 5 helicópteros e 1 avión.

*[Actualizarase a información cando se dispoña de novos datos].*

SAÚDOS,  
GABINETE DE COMUNICACIÓN DA CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E DO MAR.